

Coñece e Camiña (22-Febreiro-2015) Polo Río Deza e a ferverza do Toxa

PRESENTACIÓN

Hoxe imos camiñar a Galicia Central, na chamada Terra de Trasdeza.

Como todos sabedes, o centro de Galicia está atravesado de norte a sur, dende a Serra do Xistral, preto de Viveiro, ata o Faro de Avión, xunto á Cañiza, por unha cadea montañosa chamada a Dorsal Galega. Estas montañas marcan a distinción entre a Galicia do litoral e a Galicia interior. É por tanto unha zona de transición do clima oceánico e húmido, ao clima continental e frío do interior. A súa paisaxe conserva aínda bosques de carballos e castiñeiros, alternados con abundantes praderías con gando.

O nome de Trasdeza vénlle de ser a terra sur o río Deza, que rega toda a bisbarra, e vai desembocar no río Ulla. A súa antiga capital era Silleda.

Na excursión de hoxe temos varios puntos de atención especial, e son:

MOSTEIRO DE CARBOEIRO

Foi fundado no ano de 936. No lugar onde foi erguido o mosteiro, existía unha ermida dedicada a San Lourenzo. En 1550 pasou a depender do mosteiro de San Martiño Pinarío de Santiago por bula do papa Alexandre IV. Coa exclaustación foi abandonado e os bens vendidos.

A igrexa é de planta de cruz latina con tres naves. A portada principal é de estilo compostelán. En conxunto o mosteiro, parte restaurado e parte case en ruínas, aínda deixa ver as súas formas románicas.

A FERVENZA DO RÍO TOXA

Á metade do percorrido temos unha das ferverzas máis fermosas de Galicia. Está localizada poucos metros antes de xuntarse co río Deza e moi preto dunha central eléctrica abandonada.

Antes de chegar á base da ferverza visitaremos o miradoiro dende onde podemos contemplar a enorme fraga que bordea o río.